



VOLTA Á ESCOLA DURANTE O COVID-19

INDICE

INTRODUCCIÓN

MEDIDAS ORGANIZATIVAS, PREVENTIVAS E DE SEGURIDADE

- a. Organización dos espazos aula
- b. Medidas de protección persoal
- c. Máscara
- d. Entrada e saída do alumnado
- e. Organización no período de acollida
- f. Horarios



INTRODUCCIÓN

Desgraciadamente descoñecemos canto tempo pode durar o brote e todos sabemos que é difícil limitar o número de contactos das nenas e nenos na escola e é por iso, que consideramos necesario tomar unha serie de medidas para a reincorporación de adultos, alumnado e familias ao centro, tras a declaración das distintas fases do confinamento polo covid19.

É obvio que esta nova situación obrigaranos a uns cambios que, pensando sempre en que é mellor para os nenos e nenas, buscaremos influír o menos posible no seu desenvolvemento.

A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia definiu un marco xeral de actuación e somos as escolas infantís de Galicia as que temos que adaptarnos ao mesmo, tendo en conta a realidade da nosa escola e dos seus usuarios.

Este documento é unha proposta organizativa na que levamos meses traballando e que seguramente modificarase conforme avancen as semanas e os meses.

A principal medida adoptada na nosa escola será **redefinir o nº de espazos da escola**, pasando de 6 a 8 para poder así **baixar a ratio de alumnado** e evitar no máis posible a interacción entre nenas e nenos de diferentes grupos estables.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS, PREVENTIVAS E DE SEGURIDADE

Organización dos espazos aula

A vida na escola mantense dentro da normalidade, insistíndose nas medidas de distanciamento e hixiene (*distancia de 1,5 metros entre adultos, máscara hixiénica, lavado frecuente de mans e utilización de xel*) evitando a interacción entre nenas e nenos de diferentes grupos estables.

Na nosa escola contamos con 11 educadoras mais a directora, e para este curso decidimos ampliar o conxunto de espazos do centro, pasando de seis espazos-aula a oito. Alí terían os seus xoguetes, as súas hamacas para durmir, as súas mesas e cadeiras para comer, etc.

Esta división dos grupos, a compartimentación dos espazos sen que se mesturen as nenas e nenos facilitará que de producirse un brote sexa máis sinxelo acoutar o contaxio.

A organización dos grupos será a seguinte:

2 GRUPOS LACTANTES (2020), tres educadoras en dúas aulas para 16 nenos e nenas

GRUPO_1 CAMIÑANTES (2019), unha educadora en aula con 6 nenos e nenas.

GRUPO_2 CAMIÑANTES (2019), unha educadora en aula con 7 nenos e nenas.

GRUPO_3 CAMIÑANTES (2019), dúas educadoras na piazza con 13 nenos e nenas.

GRUPO_1 MAIORES (2018), unha educadora en aula con 10 nenos e nenas.

GRUPO_2 MAIORES (2018), unha educadora en aula con 10 nenos e nenas.

GRUPO_3 MAIORES (2018), dúas educadoras en xardín con 20 nenos e nenas.



No seu protocolo, a Consellería de Política Social, recomenda *evitar ou reducir ao máximo posible as interaccións e intercambios entre as nenas e nenos das distintas aulas ao longo de todos os momentos da xornada* mais nos centros educativos de primeiro ciclo de educación infantil, é frecuente a situación na que unha educadora recibe pola mañá ou atende na última franxa horaria a nenos e nenas de aulas diferentes, agora nenos e nenas de grupos estables diferentes, que acoden a unha aula que pode non ser a súa de referencia.

Na nosa escola esta situación manterase a condición de que os nenos e nenas procedan de grupos estables de convivencia do mesmo nivel (0-1, 1-2 o 2-3 anos).

- ✂ Cando varios grupos estables deban utilizar os mesmos accesos (*entrada, corredores...*) farano de maneira graduada para evitar as aglomeracións e o paso simultáneo por zonas comúns.
- ✂ As educadoras permanecen en todo momento co seu/s grupo/s estable/s de convivencia. Isto significa que cada grupo convivirá nun espazo coa súa/s educadora/s e permanecerá practicamente illado do resto de grupos estables do centro.
- ✂ Tamén formará parte do grupo estable de convivencia, o alumnado en prácticas ou profesorado que realiza algún proxecto pedagóxico. Nestes casos cada persoa deberá estar adscrita a un grupo estable de convivencia e cumprir coas medidas de seguridade e hixiene do mesmo.
- ✂ A directora e outros profesionais que atenden a nenos e nenas de diferentes grupos estables (*cociñeira, limpadora e administrativa*), poden moverse entre distintos grupos estables de convivencia, cumprindo en todo momento coas medidas de seguridade e hixiene establecidas para cada un deles. No obstante evitarán ó máximo os desprazamentos polo centro.
- ✂ Entre as aulas, cociña, xardín ou administración será habitual o uso de walkie-talkies para comunicar recados, avisos ou similar e así evitar desprazamentos innecesarios.
- ✂ Darémolle prioridade o uso de espazos ao aire libre. Un dos pilares do noso proxecto é a vida no exterior e neste curso os grupos desfrutarán do xardín da escola moito máis.

Medidas de protección persoal

As principais medidas de prevención que teremos na escola entre outras, serán:

- a) As nenas e nenos, ou os adultos deben lavarse as mans con frecuencia, durante polo menos 20 segundos e secalas con toallas de papel desechables.
- b) Promoveremos a limpeza nos seguintes momentos: ao chegar ao centro, tras esberrar ou soarse, ao cambiar de espazo ou de actividade, antes e despois de comer, despois de ir ao baño e sempre que haxa sucidade visible.
- c) A desinfección a base de alcol non é efectiva en mans húmidas ou visiblemente sucias, polo que hai que lavarse as mans. Evitarase a súa utilización no caso dos máis pequeños que métese as mans frecuentemente as mans na boca.
- d) *De ser detectada febre ou outros síntomas durante a xornada, as familias deberán presentarse no centro coa maior brevidade posible, polo que deberán estar localizables en todo momento. O neno sintomático dentro do centro debe ser separado do resto dos nenos á espera da chegada dos pais. (Protocolo Xunta)*



- e) As educadoras atendemos e consolamos a nenos e nenas moi pequeniñas e pode ser frecuente a necesidade de telos no colo. A máscara axudará a facer eses encontros de forma segura. A nova versión do protocolo da Xunta contempla o seguinte:

A pesar do uso de pantalla de protección, é obrigatoria a utilización de máscara de protección, podendo en momentos puntuais e extremando as precaucións en canto a distanciamento retirarse a máscara para que existan pequenos instantes en que as nenas e nenos poidan recoñecer a cara da súa educadora ou educador, facilitándose o apego e a boa relación emocional entre ambos, durante a súa xornada en contacto coas nenas e nenos. (Protocolo Xunta)

- f) *Os nenos ou nenas que teñan febre (máis de 37°), tose ou síntomas respiratorios, aínda que sexan leves, non acudirán aos centros. De igual modo, aqueles que mantiveron contacto cunha persoa afectada dentro ou fóra da unidade familiar. Non será necesario un informe médico para a xustificación da ausencia, abondará cunha xustificación dos pais ou nais. (Protocolo Xunta)*

Máscara

De forma xeral, manterase unha distancia física mínima de 1,5 metros entre as persoas presentes nos centros educativos (comedores, corredores, recreos, traballos grupais, etc...). Se non se consegue manter esta distancia, será necesario o uso da máscara. (Protocolo Xunta).

- ✗ A **máscara** indicada para poboación sa será a de tipo hixiénico e, sempre que sexa posible, reutilizable.
- ✗ Non se recomenda o uso de **máscara** na escola infantil para menores de tres anos (*lembremos que está contraindicada en menores de 2 anos por risco de asfixia*).
- ✗ *A entrega e recollida dos nenos e das nenas realizarase por unha soa persoa que acudirá debidamente protexida coa utilización de máscara de protección, mantendo en todo momento as distancias de seguridade respecto do persoal da escola e outros usuarios ou usuarias. (Protocolo Xunta)*

Entradas e saídas da escola

Teremos en conta o seguinte:

- ✗ *As familias tomarán a temperatura dos nenos e nenas na casa antes de levalos á escola. Os e as que teñan febre (máis de 37,5°), tose ou síntomas respiratorios non acudirán aos centros. De igual modo, aqueles que mantiveron contacto cunha persoa afectada dentro ou fóra da unidade familiar deberán permanecer no domicilio. (Protocolo Xunta)*
1. Garantirase que tanto a chegada como saída sexan escalonadas. Para iso informarase ás familias sobre os horarios e as zonas de entrada/saída co fin de evitar aglomeracións nos accesos.



2. En todos os accesos haberá solución hidroalcohólica para a desinfección de mans de todas as persoas que acompañan ós nenos e nenas.
3. A **entrada á escola** farase sempre pola porta lateral da escola, preto do aparcadoiro a excepción do grupo de camiñantes que está na piazza -espazo central da escola- que o farán pola porta principal da nosa escola.
 - a. Segundo o tramo horario elixido polas familias, un só familiar acompañará a nena ou neno á escola. Recomendamos que sempre sexa a mesma persoa.
4. Para **saír da escola** utilizaremos a porta do xardín, xunto as aulas de lactantes, para así evitar as aglomeracións e o paso simultáneo por zonas comúns. Están en estudo outras alternativas.
5. As persoas acompañantes extremarán as medidas de responsabilidade e de hixiene no traxecto desde a entrada ata as aulas.
6. Como xa ven sendo habitual na nosa escola, nenos e nenas teñen calzado de uso exclusivo para o centro. Unha vez dentro da escola deixarán os seus zapatos no casilleiro disposto para tal efecto
7. Os adultos traerán as súas propias calzas. En caso de non traelas non poderán entrar na escola (non se permite ir descalzo pola escola).
8. Unha vez deixamos os nenos e nenas na aula levaremos o seu abrigo ou chubasqueiro para casa. Este curso non poden quedar no colgadoiro da escola.
9. Organizarase o lavado de mans de nenos e nenas previo á entrada ás aulas, preferentemente con auga e xabón.

Organización do período de acollida

Facilitaremos ás familias o protocolo do período de acollida coas datas previstas para a mesmo e as pautas a seguir.

As familias poderán entrar ás aulas a condición de que se adopten as medidas preventivas de hixiene e responsabilidade adecuadas, tanto nos espazos comúns como na aula.

Será **UNHA persoa adulta** a que acompañe ao neno ou nena no período de acollida e, na medida do posible, será a mesma durante todo este período. Ademais procurárase o menor número posible de persoas acompañantes simultaneamente na aula (2-3 persoas).

Horarios


Unha vez finalizado o período de ACOLLIDA propoñemos unha distribución graduada nos períodos de entrada e saída, establecendo franxas horarias co fin de que se concentre o menor número posible de familias ás entradas e ás saídas.

Nas titorías individuais do mes de setembro cada familia consensuará coa educadora do seu fillo/a, a franxa horaria, que mellor lle conveña, cós obxectivos de que entren e saian na hora sinalada e deixen a escola antes de que veñan as familias da seguinte franxa horaria.

ENTRADAS


1. MADRUGADORES (8 a 8:50h)

Este curso entrarán uns 35 nenos e nenas no horario de madrugadores que repartiránse en tres grupos, un por cada nivel (0-1, 1-2 e 2-3 anos). Ás 8:00h estarán tres educadoras para recibilos e ás 8:30h entran dúas educadoras máis, e así paulatinamente ata as 10:00h que entran as últimas.



2. ENTRADA PRINCIPAL (9:00-10:00h)

O resto do alumnado entrará neste bloque horario e disporá de 5 franxas horarias que lle permitirá un acceso máis seguro e tranquilo.



É IMPORTANTÍSIMA a PUNTUALIDADE porque as benvidas precisan de calma e tempo, non podemos deixar o noso fillo ou filla na aula sen despedirse e ás carreiras.

Rogamos RESPECTO POLO PERSOAL DA ESCOLA e do resto de FAMILIAS. Non é nada agradable ter que dar avisos ás familias polos retrasos e máis nos tempos actuais.


SAÍDAS antes da sesta

Sempre virán as mesmas persoas a recoller ó neno/a.

- SAÍDA ás 12:00h Haberá 15' para entrar na escola, achegarse ata a aula e, sen entrar nela, a educadora entregaralle o seu neno ou nena.
- SAÍDA ás 12:45h Igual que a anterior


SAÍDAS despois da sesta

Sempre virán as mesmas persoas á escola, e achegaranse ata a aula para recibir o seu neno ou nena das mans da educadora.



SAÍDA-AMPLIACIÓN DE XORNADA

De 15:00 a 16:00h haberá unha educadora por nivel e ó igual que o resto de entradas e saídas da xornada, teredes unhas franxas horarias nas que recoller o voso fillo/a.



Cada familia elixirá unha franxa horaria de entrada e de saída das propostas pola escola, na que obrigatoriamente terá que entrar, sen retrasos nin superando o tempo asinado a cada familia.

En caso de que nas **entradas á escola pola mañá** as familias cheguen tarde, vaian ó médico ou teñan un contratempo, terán que entrar ás 10'15h. Temos que ser moi estritos coas quendas de entrada previamente acordadas porque temos que acoller a 82 familias en 2 horas evitando as aglomeracións.

No caso **das saídas da tarde**, teremos máis tempo para facelas pero imos esixir moita puntualidade. Non podemos ocupar a quenda de outra familia nin aparecer na escola sen avisar.

Temos que ser moi estritos e responsables porque depende de todos evitar un contaxio na nosa escola, diso depende a saúde de todos e todas nós

BIBLIOGRAFÍA

Protocolo de actuación para as escolas infantís 0-3 fronte ao coronavirus aplicable a e, casas niño, puntos de atención á infancia, espazos infantís e ludotecas.
http://galicia.fespugt.es/images/PROTOCOLO_ESCOLAS_INFANTS_0-3.pdf